

«ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON TENDIDOS, TUBAXES E GALERÍAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA

ÍNDICE DE ARTIGOS:

- ARTIGO 1. FUNDAMENTO LEGAL
- ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE
- ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS
- ARTIGO 4. RESPONSABLES
- ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE
- ARTIGO 6. TIPO E COTA TRIBUTARIA
- ARTIGO 7. DEVEÑO E NACEMENTO DA OBRIGA
- ARTIGO 8. LIQUIDACIÓN E INGRESO
- ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS
- DISPOSICIÓN FINAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON TENDIDOS, TUBAXES E GALERÍAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA

ARTIGO 1. Fundamento Legal

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 20.1.A) e 24.1.c) do mesmo texto legal, este Concello establece a «taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións», que estará ao establecido na presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2. Feito Impoñible

O feito imoñible está constituído pola utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións que resulten de interese xeral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como as subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa e outros análogos, quedando excluída a telefonía móbil. Esta taxa é compatible con outras taxas que poidan establecerse pola prestación de servizos ou a realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme ao establecido no artigo 23.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedando excluída polo pago desta taxa, a exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas municipais.

ARTIGO 3. Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos desta taxa, todas as persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas explotadoras de servizos de subministracións descritas no artigo anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúan as subministracións coma se o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión a estas. Entre as empresas explotadoras dos servizos enténdense incluídas as empresas distribuidoras e comercializadoras destes.

ARTIGO 4. Responsables

Responderán solidariamente ou subsidiariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 41 a 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. Base Imoñible

A base imoñible estará constituída polos ingresos brutos, determinados con arranxo ao establecido no artigo 24.1.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 6. Tipo e Cota Tributaria

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza determínase aplicando o tipo impositivo do 1,5% á base imponible determinada con arranxo ao disposto no artigo 5.

ARTIGO 7. Debeño e Nacemento da Obrigación

A taxa devéñase cando se inicia a utilización privativa ou aproveitamento especial constituído no chan, subsolo ou voo das vías públicas, necesario para a prestación do servizo de subministración.

Se a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local prolóngase durante varios exercicios, o debeño da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano.

A tenor do artigo 24.5 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de decembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, cando a utilización privativa ou o aproveitamento especial leve aparelada a destrución ou deterioración do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houber lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrución ou reparación e ao depósito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, a Entidade será indemnizada en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe da deterioración dos danados.

O Concello non poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

ARTIGO 8. Liquidación e Ingreso

Establécese o réxime de autoliquidación.

Cando se trata da taxa devengada por aproveitamentos especiais de redes que se realizan ao longo de varios exercicios, as compañías subministradoras ou prestadoras dos servizos haberán de presentar ao Concello antes do 30 de abril de cada ano a liquidación correspondente ao importe dos ingresos brutos facturados no exercicio inmediatamente anterior.

As empresas que utilicen redes alleas para efectuar a subministración haberán de acreditar a cantidade satisfeita a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión para xustificar a redución dos seus ingresos.

O pago da taxa poderá facerse efectivo nas oficinas municipais ou a través de transferencia bancaria.

ARTIGO 9. Infraccións e Sancións

En todo o referente a infraccións e sancións será de aplicación a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en concreto, os artigos 181 e seguintes, e as disposicións que a desenvolvan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data vinte e sete de decembro de dous mil dez, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.»